

Unidades 8 e 9: Os animais

Tense descrito máis de **2.000.000 de especies animais**:

- Menos del 20% das que existen
- 1% das que teñen existido
- Cada ano descríbense miles de especies novas


A _____ é a ciencia que se adica ao estudo científico dos animais.

Antes de empezar o estudo dos animais, explicaremos algunhas das características que foron empregadas para a súa clasificación:

I. Vertebrados ou invertebrados

- Animais con columna vertebral, parte dun _____ interno (endoesqueleto)
- Animais sen _____, normalmente cun esqueleto _____ (exoesqueleto)

Completa cos nomes correspondentes (empeza o nome con maiúscula, exemplo: Peixes):



II. A nutrición

- a. **Animais sen aparato dixestivo** como por exemplos as _____ que captan auga polos seus _____ e unhas células especializadas capturan as partículas de alimento e as dixiren.
- b. **Animais con aparato dixestivo.**
 - i. Cavidades gastrovasculares; coma no caso dos _____. Estrutura en forma de saco onde se realiza a dixestión. Ten unha soa apertura que fai de boca e ano.
 - ii. Longos condutos cunha abertura de entrada (____) e outra de saída (ano). Son máis sinxelos ou máis complexos en función do animal.

III. A reprodución nos animais

Poden darse os dous tipos de reprodución:

- a. **Sexual**, é a máis frecuente, e os animais adoitan ser unisexuais (individuos machos ou femias dentro da mesma especie), aínda que algún son hermafroditas, e cada individuo ten aparato sexual masculino e feminino.
- b. _____

Nos animais, o desenvolvemento do embrión pode levarse a cabo dentro do corpo da nai (se son vivíparos), ou dentro de ovos que se depositan no exterior (se son ovíparos) ou que eclosionan dentro do corpo da nai (se son ovovivíparos).

IV. A simetría nos animais

O corpo dos animais tende a estar organizado de maneira que as súas estruturas se repiten segundo eixes ou planos. Esta simetría pode ser bilateral ou radial ou non existir:

- a. Non teñen simetría
- b. Simetría radial
- c. Simetría bilateral

Completa

Os animais teñen nutrición _____. Hainos herbívoros, carnívoros e _____.

A maioría poden desprazarse, un tipo de resposta a determinados estímulos (alimento, perigo...) que realiza o aparato _____.

Polo xeral, contan cun sistema _____ e células nerviosas que tenden a agruparse nunha cabeza diferenciada.

A reprodución nos animais é, preferentemente _____, aínda que algúns poden reproducirse asexualmente. Dependendo de como se produza o desenvolvemento do embrión, poden ser _____, ovovivíparos ou ovíparos.

Os Invertebrados

Características xerais.

- Son un grupo moi diverso: o único que teñen en común é non ter _____.
- Son moi importantes porque:
 - o teñen un importante papel nas cadeas alimentarias dos ecosistemas.
 - o son _____ do ser humano (moluscos como o mexillón ou as luras, crustáceos como as langostas)
 - o algúns son _____ ou transmiten enfermidades.
 - o outros producen produtos útiles para o ser humano: mel, seda.

1. AS ESPONXAS (tamén chamados PORÍFEROS)

- o Acuáticos.
- o Fixados ao sustrato, xeralmente ás rochas (antes se cría que eran plantas)
- o Non teñen _____ nervioso.
- o Corpo cheo de poros, cunha cavidade central, e un orificio central chamado _____.
- o A auga pasa por todos os poros, chega á cavidade e sae polo ósculo. Para empuxar a auga teñen unhas células con flaxelos chamadas _____. O alimento queda retido e sae a auga. Son polo tanto animais que se alimentan por _____.
- o En canto á súa simetría son _____.

Trata de completar arrastrando:

Ósculo


Poros

Auga

Entrada de auga

Saída de auga

Coanocito



2. OS CNIDARIOS.

- Acuáticos.
- Simetría _____.
- Teñen sistema nervioso.
- Corpo en forma de _____.
- Poden ter forma de _____ (fixos ao fondo) ou de _____ (nadadoras).
- Teñen unha abertura oral, rodeada de _____, que é a entrada e saída da cavidade _____.
- Teñen células urticantes para paralizar ás presas, os _____.
- exemplos: medusas, anémonas ou tomates de mar, corais.


Completa con:

Líquido irritante



Pelo sensible

Núcleo

Filamento urticante despregado



Elixe a opción máis axeitada:



Que tipo de cnidario é???????




3. OS ANÉLIDOS.

- Simetría _____.
- A maioría son _____, e os que viven na terra teñen que ter sempre moita humidade.
- Corpo formado por aneis, segmentos que conteñen todo tipo de órganos.
- Cubertos por mucosidade que os mantén húmidos, xa que respiran pola _____.
- exemplos: *miñocas de terra*, *miñocas de mar* (usadas como engado na pesca), e *sambesugas*.
- Hainos de vida libre e que viven anclados aos sustrato, coma os “gusanos tubícolas”.

Escribe:

Quetas, boca, ano, clitelo e segmentos.



Indica se é verdadeiro (V) ou falso (F)

O termo “gusano” corresponde sempre a animais anélidos

Os anélidos teñen simetría bilateral

As sambesugas son anélidos

A maioría dos anélidos son acuáticos

Os anélidos son sempre de “vida libre”

Os anélidos son beneficiosos para a agricultura

O tubo dixestivo dos anélidos ten no mesmo orificio boca e ano

Os anélidos teñen respiración cutánea